

Morte do fadista, Manuel Forcadela

Carlos L. Bernárdez

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

BERNÁRDEZ, CARLOS L. (2011 [2001]). “*Morte do fadista, Manuel Forcadela*”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 2000, 331-333. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/871>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

BERNÁRDEZ, CARLOS L. (2001). “*Morte do fadista, Manuel Forcadela*”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 2000, 331-333.

* Edición dispoñíbel desde o 7 de setembro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

**Manuel Forcadela. *Morte do fadista*
A Coruña, Espiral Maior**

Carlos L. Bernárdez

Espiral Maior chega ó seu número 100 na colección Espiral Maior Poesía e isto é xa de seu un acontecemento salientable dentro do noso panorama cultural no que esta colección é un fito indiscutible na historia da nosa moderna poesía e que desde comezos da década dos noventa ofreceu unha plataforma privilexiada a poetas de todas as xeracións e tendencias, incluídas as novísimas promocións xurdidas na pasada década. Alén diso o libro publicado con este número 100 é o VIII Premio de poesía Espiral Maior, *Morte do fadista* de Manuel Forcadela (Tomiño, 1958), destacado membro da xeración poética dos oitenta e unha das voces máis orixinais da nosa poesía actual e autor dunha obra ben consolidada, presente en numerosas antoloxías e traducida a varios idiomas, as que hai que sumar a súa substancial contribución á narrativa e ó ensaio.

No que atinxe á súa narrativa, iniciouna cunha novela, *Paisaxe con muller e barco* (1990), obra que mereceu o premio Manuel García Barros do Concello da Estrada. Nos anos seguintes ensaiará a novela negra con títulos como *Sangue sobre a neve* (1990), obra traducida ó catalán co título de *Sang damunt la neu*; *Barato, barato* (1991) ou *Fóra de xogo* (1993), novelas organizadas como unha serie e nas que os personaxes se manteñen constantes. Tamén publica relatos como *Contos interruptus* (1992) ou *Anxélica* (1994) e en 1994 unha nova novela, *A equipaxe do azar*, á que seguiría outra, *A armada invencible* (1996).

No campo ensaístico e na crítica literaria destaca o seu labor de interpretación da obra de Eduardo Pondal, Ánxel Fole, Eduardo Blanco Amor e da Nova Narrativa Galega. Así, en 1988 deu a coñecer *A harpa e a terra (Unha visión da poesía lírica de Eduardo Pondal)*, en 1988 publica unha edición da obra pondaliana en

Eduardo Pondal. Poesía, edición crítica, prologada e anotada. Os seus estudos sobre o poeta do rexurdimento atinxen o seu cume coa publicación da súa tese de doutoramento *A poesía de Eduardo Pondal* (1994). Sobre Blanco Amor salienta o seu libro *Guía de lectura de "A Esmorga"* (1991). En 1993 publica un estudo sobre a Nova Narrativa, *Manual e escolma da Nova Narrativa Galega* e en 1997 dedica un libro a Ánxel Fole, *Guía de lectura de "Á lus do candil"*.

Forcadela deuse a coñecer co libro de poemas *Ferida acústica de río* (Premio Celso Emilio Ferreiro do Concello de Vigo 1981) ó que logo seguirían no terreo poético libros como *O regreso das ninfas* (1985), libro que foi traducido ó castelán co título de *El regreso de las ninfas* e ó que seguirían *O varredor en outono* (1987), a carpeta *Nausícaa* (1992), carpeta de catro poemas acompañada por tres gravados de Laxeiro. *Profecía* (1993) constitúe a súa anterior entrega poética, unha produción que o sitúa como unha das grandes voces da súa xeración e que fixo que a súa obra fose repetidamente antologada e traducida ó catalán e castelán, aparecendo case na totalidade das escolmas sobre a poesía galega máis recente publicadas en galego, castelán e catalán. Desde o seu primeiro poemario, publicado en 1982, vén construíndo unha obra poética dun enorme rigor temático e formal cun mundo propio e inconfundible, reflexivo e vital, cinxido e libre.

Morte do fadista é un libro que por un lado remite ó conxunto da obra de Forcadela, á que é evidente que evoca o seu condensado universo, as súas referencias ó mito, as alusións a tradicións poéticas universais e no formal a arquitectura sensorial dos seus versos. Pero hai nesta nova entrega unha inclinación diferente, máis escéptica, como se o poeta afrontase o final dunha etapa na viaxe introspectiva que é o conxunto da súa obra poética, como se se situase nunha estación de repouso distante, saudosa e ó tempo lúcida e brillante, desde a que indaga nas fronteiras do eu e nos recantos máis profundos da concepción poética e cultural do home moderno, herdeira da retórica clásica e sempre á beira do abismo, entre a razón e a pulsión, desde a Ilustración, situada decote nun territorio fronteirizo e indefinido, territorio que é por outra banda o espacio por excelencia da poesía, propicia ó agoiro e á indagación, á paixón e á razón.

Forcadela, nos primeiros libros, *Ferida acústica de río*, *O regreso das ninfas* (1985) e *O varredor en outono* (1987), foi madurecendo unha obra sensual, apoiada no mundo mitolóxico, alicerzada entre a emoción da paisaxe de ecos románticos e un universo simbolista fortemente vivenciado. No seu seguinte libro *Profecía* (1993), reforzábbase esa presenza da poética simbolista e romántica combinada cunha preocupación clasicista, na que o esencial era unha procura, unha singradura polo mundo do enigma, do destino, do propio sentido da vida e da escrita. *A morte do fadista* é como unha nova volta de torca, tras do enigma está a lúcida ollada do poeta, escéptico, reflexivo, que repasa o camiño percorrido, que segue a construír o seu "poema" con coidada elaboración formal, con contida musicalidade pero que semella non querer descifrar xa o enigma, consciente de que o raio que ilumina a existencia fica ben próximo do máis fondo baleiro e que no camiño soamente queda a memoria, a lene emoción evocada, eses "insólitos acordes" que nos levan irremediamente cara ós "palacios desolados" do existir.

E esa viaxe faina o poeta repasando con sutil habilidade o tópico clásico, a caducidade da vida, a imposibilidade do regreso, o paso do tempo, ese "caderno vello" que deixa a penas o seu remol e que resulta inútil esforzarse en revivir, certificando daquela a imposibilidade do eterno. O resultado é que Forcadela escribe

un libro fermosamente escéptico, con ese punto de ironía necesario para manter a existencia en tempos de miseria, no que o poeta alza a copa da súa poesía en brinde polas músicas fenecidas, os espacios derrubados e as voces derrotadas. Por el e por todos nós.